

# Galicia, destino de saúde e benestar

A **XIII EDICIÓN DE TERMATALIA**, CELEBRADA EN OURENSE TRAS O SEU PASO POR PERÚ O ANO PASADO, TRATOU DE SITUAR GALICIA NO MERCADO INTERNACIONAL COMO DESTINO LÍDER EN TURISMO TERMAL

Por Teresa Rocamonde



Stand do Bar de Aguas, que ofrecía ata vinte marcas diferentes

Entre o 20 e o 22 de setembro Ourense volveu converterse na capital termal do mundo coa décimo terceira edición da **Feira Internacional de Turismo Termal, Talasoterapia e Spa**, un foro destinado ao sector do turismo da saúde onde intercambiar experiencias entre continentes a nivel empresarial, institucional e social. Termatalia é unha das catro feiras internacionais de turismo de España e a única especializada neste sector a nivel global.

Ademais dun excelente punto de encontro, que este ano reuniu a profesionais de máis de 20 países, Termatalia promove **a cultura da auga que tanta importancia ten en Ourense e, en xeral, en toda Galicia**, onde existe unha concentración de recursos termais única, cun manancial por cada dez mil habitantes e infraestruturas modernas e diversificadas, tanto en balnearios como en talasos. Segundo Turismo de Galicia, o 20% das instalacións termais existentes en España están na nosa comunidade, con 21 centros de balneoterapia que ofertan 2.862 prazas de aloxamento.

De aí a aposta do organismo por este sector, capaz de ofrecer un destino diferencial que potencie o desenvolvemento sostible e que ofrezca produtos únicos, de ca-

GALICIA CONTA CUNHA  
CONCENTRACIÓN DE  
RECURSOS TERMAIS ÚNICA,  
CUN MANANCIAL POR  
CADA DEZ MIL HABITANTES  
E INFRAESTRUTURAS  
MODERNAS E  
DIVERSIFICADAS



A auga con gas de Cabreiroá fixose co primeiro premio na 11ª Cata Internacional de Aguas da Asociación de Sumilleres de Galicia - Gallaecia



O Bar de Aguas contou, entre as vinte marcas representadas, coa galega Aguas de Mondariz

lidade e caracterizados pola súa **capacidade de xerar fluxos turísticos**. Porque á capacidade de dinamización e de activación económica do sector termal, hai que engadir a súa potencialidade á hora de internacionalizar Galicia como destino turístico.

## Bar de Aguas

Pero a importancia da auga na nosa comunidade vai máis alá do sector termal, cunha industria da **auga mineral envasada** que se converteu tamén nun referente internacional. Para pór en valor este sector, Termatalia contou este ano cun Bar de Aguas que reuniu a máis dunha vintena de empresas e permitiu aos visitantes degustar distintas marcas nacionais e internacionais. O Bar estivo patrocinado por **Galicia Calidade**, que aproveitou o evento para **reforzar o posicionamento das augas galegas no mercado global**.

Galicia Calidade conta, actualmente, con tres marcas adscritas ao selo de garantía: Fuente del Val, Aguas de Mondariz e **Aguas de Cabreiroá**. Esta última foi, precisamente, a ganadora do primeiro premio na categoría "augas con gas" na 11ª Cata Internacional de Aguas dirixida pola Asociación de Sumilleres de Galicia - Gallaecia, celebrada no seo de Termatalia.

Pola súa banda, **Mondariz** vén de recibir, por quinto ano consecutivo, a máxima puntuación do *Superior Taste Award*, un premio outorgado polo International Taste & Quality Institute de Bruxelas, que reconece o sabor e a excelencia dos produtos da empresa galega, á que sitúa á cabeza das marcas de auga envasada a nivel internacional.

O consumo de augas envasadas mantén un crecemento constante tanto en España como no mundo, froito da demanda de produtos naturais e saudables. Iso permitiu crecer a unha industria que en España dá emprego directo a unhas 5.000 persoas e facturou en 2011 preto dos 900 millóns de euros, segundo a Asociación Nacional de Empresas de Aguas de Bebida Envasadas, Aneabe.

## Ourense Provincia Termal

Conscientes da importancia deste recurso, **Galicia foi unha das primeiras comunidades en legislar en materia de augas minerais e balnearios**, e leva feito un importante traballo de colaboración público-privada e entre administracións para desenvolver proxectos innovadores neste segmento.

Neste sentido, o presidente da Xunta de Galicia avanzou no marco de Termatalia que este ano presentarase un novo produto turístico, Ourense Provincia Termal, que **proxectará Ourense como "provincia termal de España"**. Alberto Núñez Feijóo afirmou que Galicia aspira a seguir sendo un referente turístico e un destino para todos os gustos e para todos os públicos. Así mesmo, lembrou que Galicia é a comunidade con **máis distincións Q de Calidade nos seus establecementos termais** e avogou por seguir traballando na promoción da oferta termal "para dar a coñecer ao mundo que Ourense e Galicia son un destino termal en España e en Europa".